



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU02702 9
SITUACIÓN: *****

Por resolución da dirección Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Lugo de data 05/09/2025 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU02702 9, ao abeiro do establecido no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Consonte ao establecido no artigo 31 do citado Decreto 1/2010, o día 22 de xullo de 2025 celebrouse sorteo ante notario entre as persoas que no prazo citado no parágrafo anterior presentaron solicitude de inclusión no procedemento de selección, resultando designado/a JENNIFER VALIÑA SANTE (nº credencial 110991) e en lista de espera as seguintes persoas de forma sucesiva: María del Rocio Franco Cuba (201033); María Soledad Ares López (201238); Samuel Jiménez Rodríguez (121253), e Catherine Rodríguez López (86787)

Polo que, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, o director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Lugo

ACORDA:

Declarar adquirente a don/a JENNIFER VALIÑA SANTE (nº credencial 110991).
Formar lista de agarda integrada polas seguintes persoas de forma sucesiva: María del Rocio Franco Cuba (nº credencial 201033); María Soledad Ares López (nº credencial 201238); Samuel Jiménez Rodríguez (nº credencial 121253), e Catherine Rodríguez López (nº credencial 86787).





Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, na data da sinatura electrónica.

O director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Marco Antonio Fernández Piñeiro

(Asinado electronicamente).

